

CRITERIOS DE AVALIACIÓN De

1ºESO

As porcentaxes correspondentes aos criterios de avaliación son as seguintes:

- a. **Caderno de observación do profesor (15%):** o labor diario no caderno da clase (exercicios, tarefas), a participación en proxectos, a realización de labores en medios informáticos, a realización de esquemas ou mapas conceptuais, a creación de diferentes tipos de textos, incluídos os de carácter literario conformarán ata 1,5 puntos na cualificación trimestral que o profesor anotará periodicamente no seu caderno.
- b. **Producións escritas (15%):** Cada trimestre será necesario realizar distintos "traballos" escritos: redaccións, realización de contos, poemas, etc. supoñerán ata 1,5 puntos no trimestre correspondente.
- c. **Producións orais (20%):** a lectura oral (claridade, entoación, ritmo, pausas, velocidade adecuada), a fluidez, corrección e adecuación ao contexto, a correcta participación en deba-tes ou exposicións, a utilización da lingua galega na clase. As tarefas de carácter oral serán aspectos que se valorarán con ata 2 puntos por avaliación. As probas ou traballos concretos dataranse trimestralmente
- d. **Probas obxectivas (25%):** Supoñerán unha revisión dos contidos traballados na aula que se poidan preguntar de forma xeral (Análise de palabras, creación de textos ou frases a partir de vocábulos vistos, tipos de textos, etc) e preguntas sobre o argumento, personaxes, espazo e tempo, etc. Farase a lectura dun libro no trimestre (un libro por avaliación). Esta proba achegará ata 2,5 puntos cada trimestre.
- e. **Probas interpretativas (25%):** analizarán os contidos a partir de interpretación de datos (comprensión de textos, significados nun contexto, relación entre palabras, busca de significados, etc

Para superar cada avaliación o alumno/a deberá obter a cualificación de 5.

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 4º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Teranse en conta os erros lingüísticos do exame e poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros na nota final.

Estes poderán ser:

- Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos.
- Graves: Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.
- Leves: Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado que teña a 1ª e 2ª avaliación suspensa, deberá realizar un exame ou, se fose o caso, presentar os traballos pendentes en maio.

-Se realizada a 3ª avaliación resultase suspenso, o alumnado deberá realizar un exame global na última semana de xuño.

2ª ESO

As porcentaxes correspondentes aos criterios de avaliación son as seguintes:

a. **Caderno de observación do profesor (15%):** o labor diario no caderno da clase (exercicios, tarefas), a participación en proxectos, a realización de labores en medios informáticos, a realización de esquemas ou mapas conceptuais, a creación de diferentes tipos de textos, incluídos os de carácter literario conformarán ata 1,5 puntos na cualificación trimestral que o profesor anotará periodicamente no seu caderno.

b. **Producións escritas (15%):** Cada trimestre será necesario realizar distintos "traballos" escritos: redaccións, realización de contos, poemas, etc. suporán ata 1,5 puntos no trimestre correspondente.

c. **Producións orais (20%):** a lectura oral (claridade, entoación, ritmo, pausas, velocidade adecuada), a fluidez, corrección e adecuación ao contexto, a correcta participación en debates ou exposicións, a utilización da lingua galega na clase. As tarefas de carácter oral serán aspectos que se valorarán con ata 2 puntos por avaliación. As probas ou traballos concretos dataranse trimestralmente

d. **Probas obxectivas (25%):** Suporán unha revisión dos contidos traballados na aula que se poidan preguntar de forma xeral (Análise de palabras, creación de textos ou frases a partir de vocábulos vistos, tipos de textos, etc) e preguntas sobre o argumento, personaxes, espazo e tempo, etc. Farase a lectura dun libro no trimestre (un libro por avaliación). Esta proba achegará ata 2,5 puntos cada trimestre.

e. **Probas interpretativas (25%):** analizarán os contidos a partir de interpretación de datos (comprensión de textos, significados nun contexto, relación entre palabras, busca de significados, etc

Para superar cada avaliación o alumno/a deberá obter a cualificación de 5.

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de

avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 4º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Teranse en conta os erros lingüísticos do exame e poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros na nota final.

Estes poderán ser:

- Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos.

- Graves: Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- Leves: Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica

CRITERIOS RECUPERACIÓN

O/a profesor/a que imparta clase a un alumno/a con materia pendente procurará que vaia recuperando a materia se a ten pendente do trimestre anterior, realizando, se fose preciso, un reforzo educativo, adaptando a entrega de traballos

ou simplificando algúns aspectos das probas, se for necesario.

O alumnado que suspenda a 1ª e 2ª avaliación poderá presentar os traballos pendentes ou realizar as probas escritas na primeira semana de xuño (coa finalidade de recuperar parcialmente esas avaliacións)

-Se realizada a 3ª avaliación resultase suspenso, o alumnado deberá realizar un exame global na última semana lectiva de xuño (poderanse facer preguntas sobre os libros lidos ao longo do curso)

Se finalmente de empregar todos estes mecanismos, o alumno/a suspende a materia, esta quedará pendente para o curso seguinte.

3ºESO

As porcentaxes correspondentes aos criterios de avaliación e cualificación son os seguintes (trimestralmente):

a. Caderno de observación do profesor (15%): o labor diario no caderno da clase (exercicios, tarefas), a participación en proxectos, a realización de labores en medios informáticos, con procesadores de textos, a realización de esquemas ou mapas conceptuais, a creación de diferentes tipos de textos, incluídos os de carácter literario conformarán ata 1,5 puntos na cualificación trimestral que o profesor anotará periodicamente no seu caderno.

b. Producións escritas (15%): Cada trimestre será necesario realizar distintos traballos escri-tos sobre unhas indicacións dadas a partir de proxectos que saian das unidades do curso (realización dunha convocatoria de reunión, países lusófonos, cantiga medieval, orixe do seu nome e apelidos , etc) que se entregarán nunha data sinalada segundo a programación trimestral; suporán ata 1,5 puntos no trimestre correspondente

c. Producións orais (20%): a lectura oral (claridade, entoación, ritmo, pausas, velocidade adecuada), a fluidez, corrección e adecuación ao contexto, a correcta participación en debates ou exposicións, realizacións de traballos gravados: videopoemas, booktuber, etc, que se valorarán con ata 2 puntos por avaliación. As probas ou traballos concretos dataranse trimestralmente

d. Probas escritas (50%): Supoñerán unha revisión de contidos traballados na aula que se poidan preguntar de forma xeral, normalmente cunha combinación de preguntas obxectivas e interpretativas (Análise de palabras, textos ou frases, análise de diferentes tipos de textos: cantigas medievais, poemas, etc.

Cada trimestre lerase un libro de lectura obrigatoria e será obxecto de avaliación.

Para superar cada avaliación o alumno/a deberá obter a cualificación de 5.

A nota final será unha media das 3 avaliacións

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 4º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Teranse en conta os erros lingüísticos do exame e poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros na nota final.

Estes poderán ser:

- Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos.

- Graves: Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *random... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- Leves: Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O/a profesor/a que imparta clase a un alumno/a con materia pendente procurará que vaia recuperando a materia se a ten pendente do trimestre anterior, realizando, se fose preciso, un reforzo educativo, adaptando a entrega de traballos ou simplificando algúns aspectos das probas, se for necesario.

O alumnado que suspenda a 1ª e 2ª avaliación poderá presentar os traballos pendentes ou realizar as probas escritas na primeira semana de xuño (coa finalidade de recuperar parcialmente esas avaliacións)

-Se realizada a 3ª avaliación resultase suspenso, o alumnado deberá realizar un exame global na última semana lectiva de xuño (poderanse facer preguntas sobre os libros lidos ao longo do curso)

4ºESO

As porcentaxes correspondentes aos criterios de avaliación e cualificación son os seguintes (trimestralmente):

a. Caderno de observación do profesor (15%): o labor diario no caderno da clase (exercicios, tarefas), a participación en proxectos, a realización de labores en medios informáticos, con procesadores de textos, a realización de esquemas ou mapas conceptuais, a creación de diferentes tipos de textos, incluídos os de carácter literario conformarán ata 1,5 puntos na cualificación trimestral que o profesor anotará periodicamente no seu caderno.

b. Producións escritas (15%): Cada trimestre será necesario realizar distintos traballos escri-tos sobre unhas indicacións dadas a partir de proxectos que saian das unidades do curso (realización dun currículum vitae, dunha acta, análise de poemas, investigación sobre a orixe de topónimos, crear fotonovela a partir dun libro de lectura , etc) que se entregarán nunha data sinalada segundo a programación trimestral; suporán ata 1,5 puntos no trimestre correspondente

c. Producións orais (20%): a lectura oral (claridade, entoación, ritmo, pausas, velocidade adecuada), a fluidez, corrección e adecuación ao contexto, a correcta participación en debates ou exposicións, realizacións de traballos gravados: videopoemas, booktuber, programas de radio, etc, que se valorarán con ata 2 puntos por avaliación. As probas ou traballos concretos dataranse trimestralmente

d. Probas escritas (50%): Supoñerán unha revisión de contidos traballados na aula que se poidan preguntar de forma xeral, normalmente cunha combinación de preguntas obxectivas e interpretativas (Análise de palabras, repaso de verbos e perífrases, análise sintáctico, análise de diferentes tipos de textos: poemas, actas etc.

Cada trimestre lerase un libro de lectura obrigatoria e será obxecto de avaliación.

Para superar cada avaliación o alumno/a deberá obter a cualificación de 5.

A nota final será unha media das 3 avaliacións

O alumnado desenvolverá as probas en lingua galega, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 4º de ESO non superará os 2 puntos de rebaixa. Nos casos de avaliación oral é o profesorado do nivel o que establece os criterios de penalización por incorreccións lingüísticas que en ningún caso poderán superar os 2 puntos.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Teranse en conta os erros lingüísticos do exame e poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros na nota final.

Estes poderán ser:

- Moi graves: Desconto 0'2 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos.

- Graves: Desconto 0'1 puntos cada un. Solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- Leves: Desconto 0'05 puntos cada un. Solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h), acentuación non diacrítica, contraccións, etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O/a profesor/a que imparta clase a un alumno/a con materia pendente procurará que vaia recuperando a materia se a ten pendente do trimestre anterior, realizando, se fose preciso, un reforzo educativo, adaptando a entrega de traballos ou simplificando algúns aspectos das probas, se for necesario.

O alumnado que suspenda a 1ª e 2ª avaliación poderá presentar os traballos pendentes ou realizar as probas escritas na primeira semana de xuño (coa finalidade de recuperar parcialmente esas avaliacións)

-Se realizada a 3ª avaliación resultase suspenso, o alumnado deberá realizar un exame global na última semana lectiva de xuño (poderanse facer preguntas sobre

os libros lidos ao longo do curso).

Para superar cada avaliación o alumno/a deberá obter a cualificación de 5.